

# BANDO

# ANIMAIIS SOLTOS

**AVELINO LUIS DE FRANCISCO MARTÍNEZ, ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE CORTEGADA (OURENSE).**

**FAGO SABER:**

Que se están recibindo numerosas queixas no Concello debido aos **PROBLEMAS QUE ESTÁN a XERAR Os CANS SOLTOS** á cidadanía en xeral, que de todos son coñecidos.

Ante esta circunstancia, infórmase a todos os propietarios de cans, que:

- Nos espazos públicos, a presenza e circulación dos cans deberá ser sempre vixiada e controlada polo titular dos mesmos.
- **Ningún can pode estar solto na vía pública:** será obrigatorio a utilización de correa ou cadea coa debida lonxitude.
- Queda terminantemente **prohibido soltar os cans para que fagan as súas necesidades orgánicas nas prazas, rúas, xardíns, paseos e demais espazos públicos.** As persoas que conduzan os cans impedirán que estes depositen as defecacións en lugares onde molesten a transeúntes e poidan alterar a saúde urbana. Se por calquera causa isto non se cumprixe, o dono do can retirará as defecacións ou excrementos, depositándoos, debidamente recollidos nunha bolsa pechada, nas papeleiras ou nos contedores de recollida de residuos sólidos urbanos.

**Recoméndase** aos propietarios que se utilice o campo en xeral, nos arredores do pobo, onde co debido control poden estar os cans soltos.

Así mesmo **INFÓRMASE** que, a partir da data do presente bando, **cada vez que apareza un can solto na rúa, darase aviso ao servizo de lacería para a recollida e traslado á canceira.**

O que se fai público para o coñecemento xeral.

Cortegada, 05 de marzo de 2019  
O alcalde,  
*Avelino Luis de Francisco Martínez*